



**CONVOCATORIA DE MATRÍCULA PARA O CURSO DE OBTENCIÓN DO
CERTIFICADO DE APTITUDE PEDAGÓXICA
CURSO ACADÉMICO 2004-2005**

PRIMEIRA.- QUEN SE PODE MATRICULAR

Poden realiza-lo curso para a obtención do Certificado de Aptitude Pedagóxica (C.A.P.) tódalas persoas que teñan a titulación requirida para acceder ó corpo de profesores/as de Ensino Secundario obtida no curso 2003-2004 (convocatoria de xuño ou setembro) ou anteriores.

Tamén poden concorrer aquelas outras que estean pendentes de unha materia para titularse, quedando supeditada a obtención do C.A.P. a acadar a titulación no curso académico 2004-2005 (convocatoria de xuño ou setembro).

SEGUNDA.- VALIDACIÓNS

As únicas validacións recoñecidas son:

- Licenciados/as en Psicoloxía: seminario B
- Aquelas persoas que acrediten un período mínimo de tres meses de experiencia docente en centros públicos de Ensino Secundario ou centros privados homologados: seminario F.

Pódese solicita-la validación das materias que compoñen o curso, acompañando á documentación da matrícula unha instancia dirixida ó Director do Instituto de Ciencias da Educación (I.C.E.) xunto coa correspondente acreditación de telas cursadas.

TERCEIRA.- PRAZO DE MATRÍCULA

Do 30 de agosto ó 22 de setembro de 2004.

CUARTA.- DOCUMENTACIÓN

1. Fotocopia compulsada do título académico.
2. Para a modalidade semipresencial, acredita-lo con contrato laboral.
3. 6 fotografías tamaño carné.
4. Fotocopia do D.N.I.
5. Impresos oficiais cubertos.

O alumnado pendente de unha materia para titularse deberá presentar ademais:

- Declaración xurada segundo modelo dispoñible no Negociado do I.C.E.
- Certificación na que conste que só lle falta unha materia para remata-los estudos, espedida pola instancia correspondente.

QUINTA.- TAXAS

Deberán aboa-las taxas establecidas polo Decreto 189/2004, do 29 de xullo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 9 de agosto de 2004).

IMPORTE:

C.A.P.	157,41 €
Apertura de expediente	18,86 €
Bolsa e material	33,00 €
Sobre de matrícula	3,00 €

Deberán ser aboadas en calquera sucursal de Caixa Galicia na conta da Universidade de Santiago de Compostela.

En ningún caso se procederá á devolución do importe da matrícula do curso do C.A.P. agás no caso de que non sexa posible a realización do curso por causas imputables á Universidade.

O que por orde do Director do Instituto de Ciencias da Educación desta Universidade de Santiago de Compostela se fai público para xeral coñecemento.



Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2004
O DIRECTOR DO I.C.E.

Miguel Anxo Santos Rego